

Vivir Hoxe Aulas

BALANCE

Imposible eliminar relixión, lémbrenlle á CIG os sindicatos

Critican a Educación por non publicar os currículos de Bacharelato e Primaria

EFE

Os sindicatos ANPE, CCOO, UXT e CSI-CSIF criticaron o atraso da publicación no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* dos currículos de bacharelato e primaria e denunciaron que esta situación impide a organización dos centros e a formalización da matrícula. Os representantes sindicais referíronse, tamén á proposta da CIG de deixar a relixión fóra do horario lectivo, para conseguir unha ampliación de horario nas materias de Filosofía e Historia, que ven reducida a súa carga horaria no novo proxecto de decreto presentado por Educación. José Fuentes, de CCOO, considerou esta proposta "inasumible" porque non ten "base xurídica", mentres que Raúl Gómez, de UXT, destacou que "se cadra non ten que estar" a relixión na educación secundaria, pero recoñeceu que "está por lei básica" e "non hai discusión". Ademais, o vicepresidente autonómico de ANPE, Xullo Díaz, asegurou e que a súa organización "quere unha ampliación de horario", pero que é "imposible" á conta da relixión.

Mostráronse contrarios á orde de implantación de xornada única, proposta pola Consellería, que "segue impondo" que o transporte escolar condicione o establecemento desta xornada, aínda que sexa aprobada polo censo escolar. Fontes e Gómez consideraron que esta orde recolle avances importantes, como a redución de porcentaxe de pais que teñen que votar para a implantación deste tipo de xornada.